

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colegiado:
PLN/2022/7	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	24 de NOVIEMBRE de 2022
Duración	Desde as 20:00 ata 21:20 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
Secretario	MINIA ASTRAY BARCA

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SI
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SI
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SI



Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación

Non hai acta da sesión anterior para a súa aprobación.

2. Moción Bloque Nacionalista Galego e Partido Socialista de Outes

Favorable

Tipo de votación

MOCIÓN

A violencia machista segue forte na nosa sociedade, como mostra da vixencia do sistema patriarcal. Proba disto son, por exemplo, os datos recentes dados a coñecer a mediados de outubro por parte do Observatorio do Consello Xeral do Poder Xudicial que indicaba que os xulgados galegos recibiron no segundo trimestre de 2022 ata 1.813 denuncias por violencia machista, un 9,9% máis que no mesmo período de 2021.

Ademais da preocupación pola vixencia da violencia machista, o contexto de 2022 engade a incerteza dunha situación económica na que a escalada de prezos que se vive desde hai máis dun ano impacta con virulencia nas mulleres, afondando na desigualdade.

Nun contexto onde, ademais, medran os discursos misóxinicos que cuestionan a desigualdade e a violencia machista, é necesario que as administracións revaliden o seu compromiso co impulso e o apoio económico das medidas en materia de fomento da igualdade e loita contra estas violencias.

Entre os recursos máis importantes cos que conta o noso país están os Centros de Información ás Mulleres, cunha rede importante mais que aínda arrastra carencias como a falta de cobertura ao longo do territorio ou a insuficiencia dos cadros de persoal.



É necesario recordar que se ben os CIM son de titularidade municipal, a Xunta de Galiza delimita os requisitos que deben cumprir para a súa creación, os seus principios de actuación e as súas funcións, entre outros e tamén contribúe ao seu financiamento a través de convocatorias anuais en réxime de subvención.

A respecto do financiamento, a Xunta de Galiza establece unha contía total máxima de axuda que se pode conceder ao abeiro do Programa de apoio aos CIM e que é de 45.000 euros, no caso de que se trate dunha solicitude individual, e de 120.000 euros, no caso de que se trate dunha solicitude para a xestión compartida ou dunha entidade resultante dunha fusión de concellos.

Este tope máximo limita de facto o cadro de persoal e os perfís profesionais dos que dispoñen a maior parte dos CIM así como o seu orzamento, tal e como sinalou a FEGAMP no seu primeiro Informe sobre a acción dos concellos galegos. Estas limitacións orzamentarias, en canto á achega da Xunta de Galiza e as dificultades dos concellos de incrementar as súas achegas, deriva en que o groso dos recursos económicos vaian dirixidos ao pagamento do persoal e dos custes de mantemento dos centros mentres que apenas o 5% se destina a accións de prevención e promoción da igualdade.

Galiza é exemplo de importantes avances institucionais, como o recoñecemento da violencia vicaria como violencia machista, e de importantes mobilizacións, como amosa a cada vez maior resposta aos feminicidios en convocatorias e asistencia, ou as históricas manifestacións dos 8 de marzo. Neste contexto, aínda que temos avanzado, queda moito por facer e estamos nun momento histórico de ameazas de retroceso en materia de igualdade. Polo tanto, é necesario dar un paso máis fortalecendo un instrumento coma os CIM. Este é un chanzo necesario para garantir a igualdade de opcións e trato das galegas ao longo do territorio, para avanzar na profesionalización e na mellora da atención e para prever e intervir ante as necesidades actuais.

Por estes motivos, é preciso comprometérmonos co seu fortalecemento, ademais de revalidar o compromiso coas mobilizacións feministas e demandar das institucións o mantemento dos compromisos económicos coa igualdade e a loita contra a violencia machista.

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte **ACORDO**:



1. Expresar o apoio da corporación de Outes ás mobilizacións feministas convocadas ao abeiro do 25 de novembro de 2022 contra a violencia machista.

2. Demandar da Xunta de Galiza o incremento dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2023 de forma que se sitúen, como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

3. Demandar da Xunta de Galiza a aprobación dun programa de ampliación e extensión dos CIM a través das seguintes medidas:

3.1 O incremento da achega económica do programa de axudas e subvencións de apoio aos CIM co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados.

3.2 Reforzar o financiamento anual dos CIM garantindo, asemade, que o Programa de apoio aos CIM cubra os custes de persoal e de mantemento, favorecendo o desenvolvemento de actividades e programas de prevención da violencia machista e de promoción da igualdade así como a incorporación de novos perfís profesionais aos centros.

4. Facer dende o concello varias veces ao ano, e co apoio das entidades correspondentes, unhas xornadas de prevención sobre a violencia de xénero, sobre todo, algunha nos centros educativos do concello.

DEBATE

Toma a palabra o Sr. Caamaño que fai referencia a auténtica repulsa por calquera tipo de violencia de xénero que se poda imaxinar un ou que se poda pasar a un pola cabeza xa resulta repulsivo. Só quere dicirlle a aqueles que pensan que a muller é parte dunha propiedade que pensen nas súas nais e fillas e que deixen vivir e que cada un viva coa súa liberdade propia. Vemos como cada vez xorden mais casos de violencia de xénero nos institutos e colexios, moitas formas de violencia que non pensamos que é e realmente si que é violencia de xénero. O Partido Socialista sumouse á moción e o que si instamos no punto 4 a que dende o Concello se fagan esas medidas para explicarlle aos rapaces que están en etapa escolar que hai moitas formas de violencia e que as saiban identificar.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que pensan que é responsabilidade de



tódalas administracións do impulso de políticas públicas e instrumentos legais dirixidos a eliminar as discriminacións por razón de xénero e de avanzar na supresión os atrancos do desenvolvemento das mulleres nos diferentes ámbitos. Como xa dixemos cremos que é un aspecto fundamental á educación, educar en valores de igualdade e respecto como cremos tamén importante que se avance neses outros tipos de violencia aos que se fan referencia e o recoñecemento da explotación sexual como violencia de xénero. Ademais pensamos que a asistencia dos CIM é unha ferramenta fundamental e que Outes foi un dos primeiros na creación destes centros e dende aquela atendeuse a moitas mulleres neste ámbito, queda un camiño longo por percorrer e calquera mellora é necesaria polo que anuncia o apoio á moción.

Toma a palabra o Sr. González que indica que están de acordo e comparten o espírito e forma da moción e que é labor de todos de recoñecer a mesma e máxime con certas actitudes negacionistas e por iso é importante esta moción e compartimos a importancia dos CIM. No concello lévanse realizando campañas de sensibilización dende fai anos e outras actividades e intentaremos reforzalas neste sentido e anuncia o seu voto a favor.

Toma a palabra a Sra. Suárez que agradece tanto ao partido socialista sumarse á moción así como ao resto de membros o apoio a dita moción. As administracións máis achegadas son as que poden votar a primeira man son as locais e por iso a importancia desta moción.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

C) ROGOS E PREGUNTAS

- PREGUNTAS DO PLENO ANTERIOR:

- **PP:**



PRIMEIRA 1. Se non entendemos mal cando respondeu á pregunta do Plan Antifraude, vostede está seguro que a Deputación non ten previsto prestar os servizos de avaliación de riscos e seguimento de medidas e instrución de procedementos de menos de 10.000 habitantes?

Responde o Sr. González que a información foi errónea e era ao revés e eran estes concellos os que se poderían adherir aínda que ben e certo que mantemos a cuestión dos tempos porque tiñamos a previsión aos fondos Next generation e en setembro tivemos a notificación da Red natura e tal como consta na información que nós temos é que ningún concello que se adheriu o fixo antes do 14 de outubro e sen embargo hai moitos concellos que non se adheriron que son parecidos ao noso concello e que desenvolveron un plan propio.

Indica a Sra. Molinos que ve que non lle prestaron moita atención ao BOP cando interpretaron o contrario, pensamos que hai que ler as cousas con máis rigor. O que acaba de dicir da urxencia, recórdolle que saíu no BOP o 4 de xuño e recórdolle que vostedes fixeron o contrato menor do Plan o día 7 de xullo. A nós o que nos interesa o concello de Outes o que cremos é que se malgastaron máis de 7.000€ e que no mercado o valor deste servizo está un pouco por debaixo. Hai que mirar polos cartos dos veciños e o que podemos dicir é que nos parece un despropósito gastar en isto cando podería ser grauíto sumándose ao da Deputación.

Toma a palabra o Sr. González vostede di que o 7 de xullo publicouse pero ata outubro ningún concello se adheriu polo que o argumento dado é un argumento de peso.

- **BNG:**

PREGUNTA 1. Acaba de dicir vostede Sr. González que non hai obriga do Concello o abastecemento de auga potable á veciñanza?

Responde o Sr. González que non dixo iso e que falabamos de si o Concello debería rexistrala ao seu nome . Hai unha obriga xenérica dos concellos de subministrar determinados servizos básicos como é o da auga pero non dixen que non fora obriga do Concello.

- **Partido Socialista:**



PREGUNTA 1. En que punto se atopa a moción do PSOE de Outes que pedía xuntarnos para debater que axudas deberíamos dar aos nosos deportistas campións?

Responde o Sr. Rodriguez que indica que temos unha proposta técnica inicial a poñer a debate a tódolos grupos que exporemos proximamente.

Indica o Sr. Caamaño que alégrase de que teñan unha proposta e que nonvai sen tempo e o que máis me molesta é iso de proximamente porque como saberá hai unha pregunta de hai seis ou sete meses de cando ían reparar o muro do estado do Conchido e díxome o antes posible e aínda non chegou. Polo que espero que proximamente sexa antes do fin da lexislatura ao que o Sr. Rodríguez indica que os termos son os que son.

- PREGUNTAS POR ESCRITO PARA O PRESENTE PLENO:

- **PP:**

1ª PREGUNTA. O día 31 de outubro pasado o Sr. Alcalde, mediante Decreto de Alcaldía, validou a omisión da función interventora relacionada co pago da Certificación nº 7 da obra “Proyecto de Rehabilitación do Estaleiro tradicional Ciprián”, e outro decreto consecutivo ordenou o seu pago, porén en ningún dos dous Decretos menciona vostede o importe da Certificación, nin tampouco achega ningún documento que acredite ese importe. Por eso queremos preguntarlle:

- ¿A que importe ascende a certificación mencionada?
- ¿É esta a última certificación correspondente a ese proxecto?

Responde o Sr. González que o importe é de 42.061,21 € e si que é a última certificación do proxecto. Indica a Sra. Molinos que non esta mal o cumprimento dos prazos de execución xa que era para outubro do ano pasado.

2ª PREGUNTA. Tamén o día 31 de outubro pasado avocou vostede na súa persoa as competencias delegadas na X.G.L. para aprobar catro certificacións de diferentes datas correspondentes á obra “Acceso e consolidación caseta información estaleiro Ciprián” por un valor conxunto de 133.394,03 €. Entendemos que estas certificacións se corresponden cunha parte da subvención concedida pola Consellería do Mar, que a través do GALP Ile foi concedida ao Concello de Outes.



Consultando a páxina web do GALP, vemos que a aprobación desta axuda ten data de 06/08/2020, a desenrolar en tres anualidades (2020-2021 e 2022) cun prazo de execución de 31 meses, sendo a data final de execución o 30/07/2020, polo que supoñemos que debe ser un erro na consignación destes datos. Tamén se pode ver na páxina que o custe total do proxecto é de 247.486,14 € (o custe subvencionable dese importe) e que a subvención concedida ascende a 200.000 €.

Co fin de aclarar estas cuestións, queremos facerlle ao Goberno Municipal as seguintes preguntas:

- ¿Cal é a data fin de execución da obra, e se houbo, dende a resolución de adxudicación, algunha modificación nesa data ou nas anualidades?
- ¿Que porcentaxe había que xustificar en cada anualidade?
- ¿En que conceptos de gasto se dividen os 242.948,65 € dos custos subvencionables?

Responde o Sr. González que a data de fin de execución 31.10.2022 que se cumpriu e houbo unha modificación substancial e agrupouse todo nunha anualidade e os conceptos de gastos son as tres de actuacións do proxecto, fai referencia a cada unha delas así como as contías das mesmas e o correspondente ás súas direccións de obra respectivamente.

Indica a Sra. Molinos que en canto á data de finalización si que entendeu ben o que significaba proximamente, as certificacións están aprobadas todas xunta a 31 de outubro de 2022 e a mesma data á a de finalización. Fai referencias as diferentes obras indicadas polo Sr. Alcalde e que todo iso non coincide cos datos que aporta e indica o Sr. Alcalde que suma a dirección de obra e indica que as contas dan exactamente.

3ª PREGUNTA. Puidemos ver que o día 9 de setembro celebraron un Contrato Menor cunha empresa que subministra E.P.I.s , para a adquisición de equipos de equipos de protección para as brigada de incendios 2022. Non sabemos con seguridade que día empezaron a traballar os membros da Brigada de Incendios, pero entendemos que tivo que ser moito antes da celebración deste contrato de subministro. As nosas pregunta son

- ¿Cando empezou a traballar a Brigada de Incendios este ano?
- ¿Como pode vostede explicar que o contrato de subministro dos equipos de traballo da brigada de incendios se celebre semanas despois de que os operarios empezasen a traballar?



Responde o Sr. González que a brigada de incendios comezou o 28 de xuño a traballar e como xa pasou algunha outra vez comenzamos a contratación con prazos bastante apurados e o propio día xa solicitamos os orzamentos. Xa se subministraron para empezar a traballar pero lamentablemente os traballos administrativos non se culminaron.

Resume a Sra. Molinos que fan vostedes os contratos despois de que lle fagan o subministro e resposta o Sr. González que coas propostas e indica a Sra. Molinos que xa o escusaban de facelo.

- **BNG:**

PREGUNTA 1. Sr González tivo ou está mantendo algunha negociación ao respecto dos parques eólicos no noso concello? Chegou a algún acordo ou está en vías de chegar? Se chegou, cales serían eses acordos?

Responde o Sr. Alcalde que efectivamente estamos mantendo conversas e tamén chegamos ao acordo con relación ao parque eólico de Banzas que faremos próximo público que consiste en que a empresa promotora comprométese a achegar o 2,5 % da facturación anual durante a vida útil ao Concello e coa actualización do IPC e con unha achega de 80.000 € para o concello durante ás obras de execución e a nosa intención é utilizar eses fondos para a cidadanía máis afectadas.

Toma a palabra a Sr. Suárez para indicar que o 2,5% e os 80.000 € durante a construción ao que o Sr. Alcalde aclara os datos ao que a Sra. Suárez solicita que se explique de novo ao que o Sr. Alcalde aclara de novo o exposto anteriormente.

PREGUNTA 2. Nalgúns puntos do noso concello os apagóns seguen a ser demasiado frecuentes e longos en duración. Mantivo algún contacto con rede eléctrica ao respecto? Saben cales son os principais motivos? No caso do alumeadado público? Fixeron ou pensan facer algo ao respecto?

Responde o Sr. González que se puxeron en contacto con unión Fenosa e temos un contacto continuo en caso de incidencias para a súa resolución no prazo máis curto. En canto ao alumeadado público igual hai algúns problemas de apagóns ven dado polo cambio de cadros que son máis sensibles a calquera incidente e ao mal estado do cableado e sobre o que temos que facer unha mellora para o seu cambio e ímolo ir facendo paulatinamente xa que non entraba no financiamento do IDAE.



PREGUNTA 3. A liña de evacuación dos parques eólicos proxectados no noso concello, en Cando, no alto de Vilar, pasa de ser voada a ir soterrada seguindo o traxecto do vial municipal da aldea de Vilar e baixando logo pola pista forestal ate Tambre Dous. A maiores, por este mesmo vial, están soterradas tamén as tubaxes da traída veciñal. Sr Glez é vostede coñecedor desta problemática e cal é o amparo xurídico que pensa darlle aos veciños de Outes ante ditas situacións?

Responde o Sr. González que entenden que se a obra afecta a un camiño público a empresa debe deixalo no estado que estaba e como pasa en calquera actuación de tubaxe se hai algunha rotura teno que arranxar e nós prestaremos todo o apoio xurídico aos veciños. As empresas deben ser coidadosas na súa execución.

Indica a Sra. Suárez que se pensa darlle axuda axuda xurídica aos veciños vaia facéndoo por iso de non ir apurado porque resulta que na presentación veciñal o mediador da empresa para a compra dos terreos resulta que nin estas traídas nin os depósitos aparecían entón estamos outra vez onde estábamos fai tres anos. Vostede non fixo absolutamente nada e o da pista forestal incidíalle nela porque uns metros máis arriba están os veciños de Insua pedindo ao concello porque non poden practicamente chegar as súas casas cando chove e vostede non a acometeu. Insistimos antes de que sexa demasiado tarde, é unha problemática coa que se vai a atopar en diferentes parroquias. Solucionen a problemática.

Engade o Sr. González que en canto os veciños o soliciten os axudaremos.

PREGUNTA 4. Levamos anos presentando iniciativas e rogos para que se actúe dunha vez para solucionar os problemas da piscina municipal dende raíz. En xullo deste ano o BNG presentou unha moción na que acordamos que o goberno local tiña que pedir a redacción dun proxecto que arranxara os problemas estruturais, consensualas prioridades do mesmo nunha xunta de voceiros e a procura de apoio económico doutras institucións. En que estado se atopa a redacción de dito proxecto? Pensan cumprir coa moción acordando as prioridades cos demais grupos? Que apoios económicos procuraron? Barallaron financeiro a través do POS do que acaba de saír a convocatoria?

Responde o Sr. Rodríguez que en cando a redacción do proxecto aínda non temos a proposta técnica definitiva si que pensamos en cumprir a moción e cando teñamos a proposta poñerémola en coñecemento. En canto a teñamos solicitaremos a quen solicitar e que si se barallou para introducir no POS.



PREGUNTA 5. Cúmrese un ano dende que están a contratar substitucións de persoal na piscina municipal a través de contratos menores e sen sacar a concurso a bolsa de emprego da mesma. Cúmrese tamén un ano dende que nos dixeron que a sacarían, medio ano aproximadamente dende que dixeron que só quedaban un par de meses. En que estado se atopa a tramitación de dita bolsa? Algunha xustificación pola demora?

Responde o Sr. Rodríguez que as bases xa foron publicadas queda pendente a resolución das alegacións e xa se poderá sacar a lista de admitidos e a demora foi derivado da carga de traballo que teñen os servizos de Secretaría e Intervención que xa explicamos en varias ocasións a problemática no departamento de Intervención. Comenta o Sr. Núñez que foi en decembro cando tiveron constancia destas contratacións e que pasaron xa tres anos e que informe tras informe que se atañan a estas bolsas e ademais o BNG cada vez que había un informe o recordábamos. O Sr. Rodríguez indica que o servizo nunca se detivo.

- **Partido Socialista:**

PREGUNTA 1- En xuño deste mesmo ano o Partido socialista trouxo unha moción sobre o estado dalgunhas obras de recentes actuacións e na que apoiado por todos os grupos se quedou en identificar e avaliar as deficiencias destas obras (Lémbrolles que falamos das humidades da escola de Viladomonte e do chan posto con Tarima nas aulas de infantil do CEIP de Outes, dende este partido queríamos preguntar si logo que xa se atopan identificadas as deficiencias e valoradas, ¿a que esperan vostedes para tomar a decisión de a quen lle corresponde solventar estas?

Responde o Sr. González que efectivamente estamos nese trámite. Nos dous casos temos solución parecida no caso da humidades o proxecto inicial non contemplaba todo para que non as tivera e teremos que asumir a actuación para illar a mesma e farémolo o antes posible e no caso do colexio pasa algo semellante e apareceron unha serie de humidades que foi avaliada e trasladouse á Consellería.

O Sr. Caamaño indica que en Galicia ten que terse sempre contempladas as humidades nas obras e ao mellor foi culpa de quen fixo o proxecto pertinente pero e que vostedes quitan a culpa a todo o mundo e dálla ao concello.

PREGUNTA 2.- Outra pregunta que como rogo xa lle fixen moitas veces e que espero que contesten coa realidade e honestidade esperada por este grupo e por



todos os veciños e veciñas que usan estas instalacións, ¿Pensan vostedes amañar a parede do campo de fútbol nesta lexislatura?

Responde o Sr. González que pensamos que o imos facer antes de rematar o mandato e se somos capaces de contemplalo nas próximas semanas e procurar contratalo e executalo antes de maio.

PREGUNTA 3.- Parece ser que as obras da estrada do porto do Freixo están paradas, a vostedes parécelles normal comezar unhas obras hay un mes e agora antes do Nadal deixar que se paralicen co prexuízo que lle poden causar os veciños e veciñas e os negocios que alí temos?

Responde o Sr. González que os prexuízos non pensamos que sexan moi graves e expón os motivos do peche e as actuacións que se farán con anterioridade á paralización das obras. Páranse porque non se dispón do material para rematar a obre e que en nadal as empresas de construción solen dar vacacións aos seus traballadores.

A xente o que non entende é que lle levanten a beirarrúa e que agora paren para iso que agardasen indica o Sr. Caamaño e iso é culpa súa.

PREGUNTA 4.- Vimos o outro día na prensa como é habitual en vostede que se concedeu unha beca a unha deportista de Outes que xa non é unha promesa que xa é unha realidade de campiona, o cal nos alegra moito, pero queríamos saber a cantos deportistas de Outes se lle dou esta “BECA”, e cal foi o criterio de valoración para a concesión das mesmas?

Responde o Sr. Rodríguez que trátase dun patrocinio que foille outorgado a esta deportista e o criterio tendo en conta que a espera da bolsa pendente e que esta deportista non está en ningún clube, polo tanto non se beneficia de ningunha delas e por iso vimos esta cuestión positiva. Indica o Sr. Caamaño que parece un criterio sensato dentro do que cabe.

- PREGUNTAS PARA O VINDEIRO PLENO:

- **PP:**

PRIMEIRA 1. Con respecto aos valados ambientais do Fondo de Cooperación Local dixo o Sr. alcalde en decembro de 2021 que se ian a instalar pronto xa que había dous instalados. Resultou que o que instalado en Pontenafonso foi retirado e tamén



que no folletín editado polo goberno municipal usaron a foto do Fondo de Cooperación do anterior goberno.

-Faltan por instalar valados ambientais do Fondo de Cooperación Local do ano 2021?. Se é así, por que non se instalaron? Onde están eses valados e se xa pensaron o que ían a facer?

- ROGOS:

• **PP:**

ROGO 1. Somos coñecedores que no centro social de San Cosme hai varios problemas de mantemento do edificio como humidades parécenos que se debe prestar máis atención polo goberno e rogamos que tomen canto antes as medidas oportunas.

ROGO 2. Podemos observar que este ano si que se lembraron da Rúa Castelao a hora de distribuír o alumeado de Nadal supoñemos que influirían os nosos rogos. Gustaríamos que se estendera a outro rogo e trátase do arranxo desta rúa e os accidentes que tiveron lugar na mesma polos veciños. Rogamos que eviten que se lastime máis xente polo abandono do goberno municipal.

ROGO 3. No pasado mes de outubro celebrouse un curso dirixido a mulleres desempregadas e varias dos asistentes fixeronnos chegar a insuficiencia de medios con relación ao material informático e que tampouco había medios para quentar o local. Rogamos que poñan os medios adecuados para o desenrolo da actividade.

ROGO 4. O banco instalado en Brión de Arriba leva roto dende fai tempo polo que os veciños non o poden utilizalo. Rogamos que arranxen este problema.

ROGO 5. Varios veciños transmitirnos as súas queixas pola falta de mantemento do lavadoiro da Lagoa e o cemento está escachando e tamén na cuneta na zona de rotando que está sen limpar é moi pouco o que hai que limpar e con vontade pódese solucionar. Rogamos que poñan os medios para solucionalo.

ROGO 6. Esta é a 23ª vez que repetimos este rogo sobre a estrada de Entíns a Fontenlos e que para vostedes supostamente isto é prioritario a xente cústalle crelo e cando esta estrada xa non é digno de mantemento e pouco máis teño que engadir despois de tanta reiteración. Rogamos que arranxen o mesmo e teñan en conta a estes veciños.



- **BNG:**

ROGO 1. Xa vai moito tempo dende que se pintou a sinalización horizontal da avenida de San Campio e aínda seguimos agardando polas debidas prazas para persoas con mobilidade reducida. Rogamos que insten á Deputación para proceder con urxencia.

ROGO 2. Xa lles informamos por outras viais de lixo acumulado preto de viais preto de Valadares e de que aínda quedan restos e rogamos que limpen ese espazo e que quede todo perfecto no mesmo.

- **Partido Socialista:**

ROGO 1. Que non traia vostede máis neste mandato outros concellos e fálenos de Outes e preocúpese de Outes.

Remata a sesión ás 21:20 horas do que, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

